

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

15706 Orde IET/2804/2012, do 27 de decembro, pola que se modifica a Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, pola que se regula o servizo de xestión da demanda de interrompibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción.

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, regula o réxime xurídico das actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica, consistentes na xeración, o transporte, a distribución, a comercialización e os intercambios intracomunitarios e internacionais, así como a xestión económica e técnica do sistema eléctrico, de acordo coas previsións contidas nas sucesivas directivas comunitarias sobre normas comúns para o mercado interior de electricidade.

O Real decreto 1634/2006, do 29 de decembro, polo que se establece a tarifa eléctrica a partir do 1 de xaneiro de 2007, na súa disposición transitoria sexta fixa as bases para regular o servizo de xestión da demanda de interrompibilidade que será xestionado polo operador do sistema, e habilita o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (actual Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo) para desenvolver as súas condicións e os requisitos para a súa participación nel dos consumidores no mercado, así como o seu réxime retributivo.

En desenvolvemento do anterior, a Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, pola que se regula o servizo de xestión da demanda de interrompibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción, establece as condicións do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade ofrecido polos consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción, os requisitos para participar como provedor del, así como o seu réxime retributivo.

Esa orde prevé, na súa disposición derradeira primeira, a revisión do mecanismo cada catro anos para adaptalo ás necesidades do sistema en cada momento.

Desde a entrada en vigor da citada orde producíronse cambios importantes no sistema eléctrico español que aconsellan unha modificación da regulación deste servizo co fin de optimizalo.

O sistema eléctrico español caracterízase por un reducido nivel de interconexión con Europa a través de Francia e por un elevado nivel de penetración das enerxías renovables non xestionables e intermitentes moi elevado.

Desde o ano 2007, incrementouse a porcentaxe de participación das tecnoloxías eólica e solar no noso sistema desde o 10 por cento ata aproximadamente o 24 por cento previsto para este ano. Ademais, a cobertura da demanda horaria a partir de fontes renovables alcanza porcentaxes moito máis elevadas en determinadas horas, co inconveniente dunha gran volatilidade asociada. Así, a tecnoloxía eólica alcanza con frecuencia neste momento porcentaxes próximas ao 50 por cento, tendo chegado en varias ocasións a superar o 60 por cento da demanda peninsular.

Este incremento da produción de enerxía renovable non xestionable e intermitente lévase a cabo en detrimento da produción térmica convencional, o que aumenta o risco de inestabilidade no sistema.

Como consecuencia das anteriores circunstancias faise xa necesario, en determinadas ocasións, limitar a produción a partir de fontes de enerxías renovables na operación en tempo real.

En definitiva, a limitada capacidade das interconexións transfronteirizas unida ao crecemento da xeración non predicible complica enormemente a operación do sistema.

Esta orde ministerial modifica o mecanismo de retribución do servizo de interrompibilidade establecido na Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, co fin de

perfeccionar e axustar a valoración da prestación do dito servizo ao actual contexto de baixa demanda e elevada penetración renovable non xestionable e intermitente, primando aqueles consumidores que achegan un valor potencia máis alto en todos os períodos horarios dunha maneira continuada e previsible.

Esta medida adóptase tendo en conta que a interrompibilidade se configura como unha ferramenta para flexibilizar a operación do sistema e dar respostas rápidas e eficientes ante eventuais situacións de emerxencia, minimizando o impacto na seguridade do sistema.

Así, establécese un mecanismo que permita asignar unha maior retribución a aqueles consumidores que achegan un maior volume de enerxía ao sistema en cada instante e que actualmente, polas súas características de funcionamento, non ven retribuída a potencia posta á disposición do sistema.

Finalmente, e en liña co xa recollido na disposición derradeira primeira da Orde ITC/2370//2007, do 26 de xullo, relativa á revisión da dita norma, prevese a revisión do mecanismo. Así, durante o ano 2016, unha vez que se encontre en funcionamento a nova interconexión con Francia cunha potencia de 2.000 MW, podería considerarse a revisión do mecanismo co obxecto de adaptalo ás necesidades do sistema nesa data, condicionadas, moi probablemente, por un escenario de penetración de xeración renovable non xestionable moi superior ao actual.

De acordo co prescrito na disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, esta orde foi obxecto de informe pola Comisión Nacional de Enerxía. O dito informe ten en consideración as alegacións formuladas no trámite de audiencia realizado mediante consulta aos representantes no Consello Consultivo de Electricidade.

Mediante acordo do 27 de decembro de 2012, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos autorizou o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para ditar esta orde.

Na súa virtude, logo do Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo.*

Modifícase a Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, pola que se regula o servizo de xestión da demanda de interrompibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción, nos seguintes termos:

O artigo 6 queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Retribución do servizo de interrompibilidade.*

1. O servizo prestado polo consumidor retribuirase de acordo coa seguinte fórmula:

$$RSI = DI \times FE$$

Onde:

– RSI: retribución anual do servizo de interrompibilidade expresada en euros, co límite máximo para cada provedor do servizo de 20 euros por MWh consumido.

– FE: importe correspondente á facturación anual equivalente da enerxía, expresada en euros, que se calculará de acordo coa seguinte fórmula:

$$FE = \sum_{h=1}^4 [P_{eh} \left(\sum_{j=1}^6 E_j \alpha_j \right)_h]$$

Onde:

P_{eh} é o prezo medio da enerxía expresado en euros por MWh con dous decimais correspondente ao trimestre h. Este prezo será publicado para cada trimestre pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas utilizando como referencias os prezos resultantes do mercado diario, os prezos do mercado a prazo de OMIP e os prezos resultantes nas poxas de comercializadores de último recurso que correspondan.

E_j é a enerxía trimestral consumida en barras de central, expresada en MWh, en cada período tarifario j dos que se definen no punto 3.3 do anexo II da Orde ITC/2794/2007, do 27 setembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de outubro de 2007.

α_j , coeficiente de modulación de carga, que tomará os seguintes valores en cada período tarifario j

Período tarifario	1	2	3	4	5	6
j	0,046	0,096	0,09	0,176	0,244	1,390

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá modificar os valores en función da evolución do sistema eléctrico, así como establecer diferentes categorías para eles en función da modulación de carga que o provedor do servizo preste ao sistema.

– DI: desconto anual en porcentaxe. Calcularase con dúas cifras decimais e o arredondamento farase, por defecto ou por exceso, segundo que a terceira cifra decimal desprezada sexa ou non menor que 5. Calcularase de acordo co seguinte, sen prexuízo do disposto no punto 2 deste artigo.

$$DI = 0,78 * \frac{H - 2.100}{H} * \left[\frac{S \sum_{i=1}^n [K_i * (P_{m1} - P_{\max,i})]}{P_{m1}} \right]$$

Onde as variables teñen o seguinte significado:

H = horas anuais de utilización equivalente expresadas en números enteiros, cun arredondamento igual ao anterior, que se calculará como o cociente entre o consumo total anual expresado en kWh e a potencia P_{m1} que se define máis adiante, expresada en kW. Se o valor do cociente é inferior a 2.100, DI será igual a 0. Se o valor do cociente é superior a 14.000 horas, H tomará o valor de 14.000.

S = coeficiente de coincidencia. Terá os seguintes valores, segundo o número de tipos de redución de potencia que fosen contratados polo provedor do servizo.

N.º tipos	S
3	0,85
5	0,65

K_i = constante, que terá un valor para cada tipo i de orde de redución de potencia que fose contratada polo provedor do servizo.

Tipo	K
1	25
2	25
3	14
4	16
5	20

P_{m1} = potencia media consumida polo provedor deste servizo no período tarifario 1 definido no punto 3.3 do anexo II da Orde ITC/2794/2007, do 27 setembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de outubro de 2007. O seu valor calcularase como cociente entre a enerxía consumida no período tarifario 1 definido anteriormente e as horas do dito período descontando, se for o caso, as horas correspondentes a ordes de redución de potencia aplicadas durante este.

$P_{máx.i}$ = potencia residual máxima demandable polo consumidor durante a posible interrupción en cada un dos tipos i aos cales estea acollido.

$\sum K_i (P_{m1} - P_{máx.i})$ = suma dos produtos $K_i (P_{m1} - P_{máx.i})$ para cada un dos tipos i de redución de potencia contratados. Se o valor de $(P_{m1} - P_{máx.i})$ é negativo, tomarase igual a 0.

Todos os valores de potencia se expresarán en kW.

2. O desconto anual en porcentaxe, DI, calcularase de acordo co disposto neste punto no caso de consumidores que cumbran os seguintes requisitos:

– Que ofrezan un valor mínimo de potencia interrompible en todos os períodos tarifarios, 1 a 6, non inferior a 90.000 kW para o tipo 5. Para estes efectos considérase cumprida esta condición nun período tarifario e para un determinado tipo de redución de potencia se se acredita a seguinte condición:

$$(E_j/h_j - P_{máx,i}) \geq 90.000 \text{ kW}$$

Onde as definicións de E_j , h_j e $P_{máx,i}$ son as indicadas no artigo 9.

– Que teñan uns valores de potencia media consumida en todos os períodos tarifarios definidos no punto 3.3 do anexo II da Orde ITC/2794/2007, do 27 setembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de outubro de 2007, superior a 100.000 kW e dentro do rango definido por unha variación máxima do dez por cento da maior de todas elas.

O valor da potencia media consumida calcularase como cociente entre a enerxía consumida en cada un dos períodos tarifarios definidos anteriormente e as horas do dito período.

– Que teñan unha potencia contratada superior a 100.000 kW en todos os períodos tarifarios para efectos da aplicación das peaxes de acceso.

– Que contraten a modalidade b a que se refire o punto 6.b do artigo 4 desta orde, que inclúe os cinco tipos de redución de potencia definidos con carácter xeral nel.

– Estes consumidores serán os primeiros aos cales o operador do sistema, en virtude do establecido no artigo 5 desta orde, lles solicite a aplicación dunha orde de redución de tipo 5 cando así sexa requirido.

Ademais do anterior, para os efectos de comprobar o funcionamento efectivo do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade, o operador do sistema aplicará de maneira aleatoria ordes de redución de tipo 5 en cada ano aos consumidores ao cales lles resulte de aplicación este punto.

Os requisitos do cumprimento e as repercusións do incumprimento por parte dos provedores do servizo destas ordes de redución de potencia serán os establecidos nos artigos 7 e 8 desta orde.

A fórmula de cálculo é a seguinte:

$$DI = 0,7 * \sum_{j=1}^6 \left[\frac{c_j}{2} * \left(\frac{P_{m1}}{Pc_1} \right) * \text{Max}_{i=1,5} \left(\frac{Pc_1 - P_{\max,i}}{Pc_1} \right) \right] * \sum_{i=1}^5 \left[S_i * K_i * \left(\frac{P_{m1} - P_{\max,i}}{P_{m1}} \right) \right]$$

Onde as variables teñen o seguinte significado:

C_j = constante que terá un valor para cada período tarifario j

Período tarifario	1	2	3	4	5	6
C_j	1,35	1,35	0,6	0,6	0,25	0,25

P_{mj} = potencia media consumida polo provedor deste servizo en cada un dos períodos tarifarios definidos no punto 3.3 do anexo II da Orde ITC/2794/2007, do 27 setembro. O seu valor calcularase como cociente entre a enerxía consumida en cada período tarifario definido anteriormente e as horas do dito período descontando, se for o caso, as horas correspondentes a ordes de redución de potencia aplicadas durante este.

Pc_j = potencia contratada en calquera dos j períodos tarifarios para efectos da aplicación das peaxes de acceso definidas no punto 3.3 do anexo II da Orde ITC/2794/2007, do 27 setembro.

S_i = coeficiente de coincidencia. Terá os seguintes valores, para cada tipo i de orde de redución de potencia que fose contratada polo provedor do servizo:

Tipo	1	2	3	4	5
S	1	0,95	0,9	0,85	0,8

K_i = constante, que terá un valor para cada tipo i de orde de redución de potencia que fose contratada polo provedor do servizo.

Tipo	1	2	3	4	5
K	25	22	16	22	25

P_{m1} = potencia media consumida polo provedor deste servizo no período tarifario 1 definido no punto 3.3 do anexo II da Orde ITC/2794/2007, do 27 setembro. O seu valor calcularase como cociente entre a enerxía consumida no período tarifario 1 definido anteriormente e as horas do dito período descontando, se for o caso, as horas correspondentes a ordes de redución de potencia aplicadas durante este.

$P_{\max,i}$ = potencia residual máxima demandable polo consumidor durante a posible interrupción en cada un dos tipos i a que estea acollido.

$\sum K_i (P_{m1} - P_{\max,i})$ = suma dos produtos $K_i (P_{m1} - P_{\max,i})$ para cada un dos tipos i de redución de potencia contratados. Se o valor de $(P_{m1} - P_{\max,i})$ é negativo, tomarase igual a 0.

Todos os valores de potencia se expresarán en kW.

DI calcularase con dúas cifras decimais e o arredondamento farase, por defecto ou por exceso, segundo que a terceira cifra decimal desprezada sexa ou non menor que 5.

No caso daqueles consumidores para os cales resulte de aplicación a fórmula establecida neste punto, cando da aplicación da fórmula resulte unha retribución polo servizo de interompibilidade superior á facturación equivalente de enerxía, o desconto limitarase de maneira que a retribución anual do servizo de interompibilidade, RSI, expresada en euros, sexa como máximo para cada provedor do servizo de 35 euros por MWh consumido.

No caso de que o provedor non cumprise na temporada eléctrica os requisitos para a aplicación do disposto neste punto, e non incorrese en incumprimento dos requisitos segundo o disposto no artigo 14 desta orde, a liquidación final da temporada realizarase conforme o establecido no punto anterior para a modalidade b á cal se refire o artigo 4.

Disposición adicional primeira. *Mandato ao operador do sistema.*

O operador do sistema deberá presentar, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta orde, unha proposta de revisión do servizo de xestión da demanda de interompibilidade que considere, entre outros aspectos, a asignación do servizo mediante mecanismos competitivos de mercado.

Disposición adicional segunda. *Revisión de procedementos de operación, modelo de contrato e procedemento de control.*

O operador do sistema deberá presentar, no prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor desta orde, unha proposta de revisión tanto dos procedementos de operación do sistema relativos ao servizo de xestión de interompibilidade no mercado como, se for o caso, unha proposta de revisión do modelo de contrato do servizo, así como do procedemento do sistema de comunicación, execución e control del.

Disposición transitoria única. *Adaptación dos contratos do servizo de xestión da demanda de interompibilidade á modificación da Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo.*

1. As modificacións da Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, pola que se regula o servizo de xestión da demanda de interompibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción, serán de aplicación aos contratos do servizo de xestión da demanda de interompibilidade a partir da entrada en vigor desta orde, sempre e cando se cumpran os requisitos que nela se establecen para a temporada eléctrica que corresponda á dita entrada en vigor.

2. Para os efectos do punto anterior, os prestadores do servizo deberán comunicar a súa solicitude de adhesión ao operador do sistema, quen, recibida a comunicación, procederá á comprobación do cumprimento dos requisitos por parte do solicitante e enviará informe á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas establecerá, cando proceda, as condicións de adaptación da retribución á nova modalidade tendo en conta a data de inicio da súa aplicación.

En todo caso, nas liquidacións da retribución que corresponda a períodos anteriores á entrada en vigor da presente orde non resultarán de aplicación as modificacións que aquí se establecen.

As novas condicións establecidas quedarán automaticamente incorporadas aos contratos de interompibilidade vixentes en substitución das antigas.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Derróganse cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de decembro de 2012.–O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, José Manuel Soria López.